

Recordatorio de deberes legais ao Concello de Bergondo de responder expresamente, nos termos que se estimen oportunos, as solicitudes de información que sexan formuladas diante desa corporación

Expediente: L.4.Q/15747/23

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2024

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona XXX con DNI XXX ao respecto dunha solicitude de información urbanística dun polígono do que forma parte a propia interesada.

ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos, esencialmente, que:

Con fecha 28/07/2023, presenté una solicitude de información particular ante el Ayuntamiento de Bergondo en relación al expediente relativo al Plan Sectorial del Polígono “A Longueira”, que se tramita desde hace más de 20 años en dicho ayuntamiento.

En el escrito solicité:

- Identificación de las autoridades y personal bajo cuya responsabilidad se tramita dicho procedimiento.
- Conocer el estado de tramitación del procedimiento, con indicación del trámite administrativo en el que se encuentra y cuáles serían los restantes hasta la aprobación del Plan sectorial, así como la existencia, en su caso, de obstáculos que impidan o dificulten su normal tramitación.

Dado el tiempo transcurrido sin que se me facilitase la información, con fecha 29/08/2023, presenté una queja por la falta de respuesta a la solicitude de información presentada.

No he recibido respuesta a ninguna de las dos

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu. O contido do informe fai un relatorio da tramitación do Plan Sectorial en cuestión, desde o ano 2003. No que atinxe ao ano 2023 sinálase o seguinte:

“(..) XXXIII- O 18.01.2023, RXE núm 202390000000039 ten entrada neste Concello, escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda , sobre a consulta formulada , na cal se indica o contido do artigo 9 bis da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, introducido polo artigo 10 da Lei 7/2019, do 23 decembro, de medidas fiscais e administrativas que en relación a avaliación de impacto ambiental de competencia autonómica, establece que a declaración de impacto ambiental perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non comezase a execución do proxecto ou actividade no prazo de seis anos

XXXIV.- O 26.01.2023 emite informe o arquitecto municipal sobre a documentación obrante no expediente e o 30.01.2023 consta informe xurídico no cal , entre outros extremos, indicase a procedencia de someter o expediente a informe da Consellería de Medio Ambiente, territorio e vivenda, coma resposta ao requirimento efectuado o 27.11.2013, tal e coma establecía o artigo 86.1d da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre o control da legalidade e tutela dos intereses supramunicipais, cumprimento das Directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

XXXV O 31.01.2023 RXE nº 202390000000073 Recíbese neste Concello resposta á Consulta efectuada sobre a avaliación ambiental estratéxica do Plan de Sectorización do solo apto para urbanizar R-3 “ A Longueira “, na que, advertido un erro na enviada o 18.01.2023 establece literalmente que “a declaración de impacto ambiental formulada no ano 2007 sobre o Plan de sectorización “A Longueira” estaría caducada, dado o baleiro na lexislación galega, aplicando de forma supletoria o prazo establecido no artigo 4.4 do Real Decreto Legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, no artigo 14.1 do Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, ou na disposición transitoria primeira, punto 3, da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. En tal caso, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental, que, segundo a lexislación vixente, corresponde ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

XXXVI.- Por resolución da Alcaldía núm 107/2023 do 06.02.2023 acórdase a remisión do expediente para o informe previo a aprobación definitiva segundo o artigo 86.1.d da Lei 9/2002 e DT 2 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia. RX saída núm 202390000000110 do 06.02.2023

XXXVII.- O 31.03.2023 RXE nº 20230000000417 recíbese requirimento de documentación efectuado polo Servizo de Urbanismo.

XXXVIII.- O 08.05.2023 RXE num. 202399900001839 JCCR, en nome e representación da Comisión Xestora SAU R-3· A Longueira, achega nova documentación técnica consistente en Documento ambiental estratéxico para a nova tramitación ambiental. O 15.05.2023 RXE núm 202390000000421 ten entrada neste Concello escrito de data 09.05.2023 RXE núm. 202390000000399, presentado na Subdelegación do Goberno de A Coruña, por CPM , en nome e representación da Comisión Xestora SAU R-3· A Longueira, manifesta que a Subdirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e cambio Climático, exixiu o reinicio do expediente ambiental por ter caducado o tramitado anteriormente , e achega o Documento ambiental estratéxico, que non tiña achegado na data recollida ao punto anterior . A remisión non se fai telemáticamente , senón que polo seu tamaño o presenta en dúas copias de CD.

XXXIX.-O 07.06.2023 emite informe o arquitecto municipal

XL.- O 20.07.2023 RXE núm 202390000000610 don XXX na súa condición de Presidente da Comisión Xestora SAU R-3· A Longueira presenta escrito relativo ao carácter non substancial da modificación efectuada e a non necesidade de sometemento da documentación a información pública

XLI.- O 13.10.2023 RXE núm 202399900003907 , don XXX na súa condición de Presidente da Comisión Xestora SAU R-3· A Longueira presenta escrito conforme el artículo 29.1 de la LJCA por inactividade. XLII.- O 26.10.2023 RXE saída núm 202390000000858, o Concello de Bergondo solicita á Secretaria Xeral de Calidade e avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o inicio da avaliación ambiental estratéxica para o Plan de Sectorización SAUR-R3 A citada remisión notifícase ao representante da Comisión Xestora SAU R-3· A Longueira, segundo o acuse de recibo de data 31.10.2023.

XLIV.- O 04.12.2023 RXE núm 202390000000986, ten entrada neste Concello escrito procedente da Secretaria Xeral de Calidade e avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras no cal comunican que “a tramitación ambiental do plan este órgano ambiental decidiu facer unha consulta xurídica que está pendente de resposta

Non constando máis datos ata o momento.”

NOTA: En cumprimento da normativa de protección de datos o nome do presidente da Comisión Xestora do polígono foi substituído por “XXX” e os nomes das persoas que

solicitaron informe pero das que non figura o seu cargo en dita Comisión Xestora foron substituídos polas iniciais dos mesmos (JCCR e CPM).

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A interesada solicitou diante dese concello informe sobre a tramitación do Plan Sectorial SAUR-R3 “A Longueira” no que é directamente interesada, os días 28/07/2023 e o día 29/08/2023 incluíndo unha queixa pola non resposta da solicitude anterior. Na súa solicitude solicitaba esa información ao amparo do artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e sinalaba que era “propietaria dunha das fincas afectadas polo Polígono”.

O artigo 53 da Lei 39/2015 dispón que as persoas interesadas terán dereito, entre outros a:

- a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que corresponda, no caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, no seu caso, e resolución; e os actos de trámite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos (..)
- b) A identificar as autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos

SEGUNDA. Os artigos 12 e 13 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia consagran os dereitos de participación e acceso á información da cidadanía no que ten a ver coa ordenación e protección do territorio así como no planeamento do mesmo.

Pola súa banda, o artigo 5 c) da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, dispón que a cidadanía ten dereito, entre outros a:

Acceder á información de que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou

certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora

E no seu punto e) concreta que este dereito alcanza a:

Participar efectivamente nos procedementos de elaboración e aprobación de calquera instrumentos de ordenación do territorio ou de ordenación e execución urbanísticas e da súa avaliación ambiental mediante a formulación de alegacións, observacións, propostas, reclamacións e queixas e a obter da Administración unha resposta motivada, conforme á lexislación reguladora do réxime xurídico da devandita Administración e do procedemento de que se trate.

Así mesmo, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno configura, segundo se sinala no preámbulo da mesma, de forma ampla o dereito de acceso á información pública, do que son titulares todas as persoas e que poderá exercerse sen necesidade de motivar a solicitude. Este dereito soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información – derivado do disposto na Constitución Española– ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. En todo caso, a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso segundo dispón o artigo 14.2.

En sentenza 1575/2022, do 28 de novembro de 2022, o Tribunal Supremo aclarou, a maiores, que o feito de poder acceder a certa información respecto dos procedementos en curso, como consecuencia do exercicio da acción pública en materia urbanística, non exclúe a posibilidade de solicitar a información pública obrante na Administración respecto de procedementos xa concluídos nin limita nin condiciona a posibilidade de acceder á información pública pola vía prevista na Lei 19/2013, evitando así calquera controversia.

En consecuencia, a persoa solicitante de acceso á información urbanística pode acceder a datos ou documentos contidos nun procedemento a pesar de que non ostente a condición de interesada no mesmo e a pesar de que devandito procedemento non estea finalizado. Neste caso, ademais a señora XXX si ostenta a condición de interesada.

TERCEIRA. Resulta comprensible que a escaseza de persoal ou as dificultades técnicas dun concello de pequeno tamaño poidan causar problemas á hora de rematar en prazo distintas actuacións administrativas. Porén, debe tratarse que ditas dificultades non afecten aos dereitos económicos das persoas como é o caso e tentar non alongar a tramitación máis aló dun tempo razoable.

A Administración está obrigada a responder o cidadán que acode a ela, non dando máis do que pode e debe facer, pero tampouco menos do que razoablemente pode esperarse, e ha de ofrecer ao cidadán unha resposta directa, rápida, exacta e legal. Estamos, pois, ante unha das manifestacións legislativas do dereito para obter unha resposta expresa dentro de prazo. Por iso, esa Administración municipal non pode optar entre resolver en forma expresa ou deixar de facelo.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

Responder expresamente, nos termos que se estimen oportunos, as solicitudes de información que sexan formuladas diante desa corporación de acordo co previsto na lexislación vixente.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño



Valedora do Pobo